



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2023/24 |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------|----------|-----------|
| Asignatura (*) | Investigación-acción participativa, acción comunitaria e xestión das organizacións sociais | | | Código | 615525010 |
| Titulación | Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 | |
| Idioma | Galego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | | |
| Coordinación | Cruz Lopez, Laura | Correo electrónico | laura.cruz@udc.es | | |
| Profesorado | Cruz Lopez, Laura | Correo electrónico | laura.cruz@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | A materia enfócase nas posibilidades da investigación acción participativa (IAP) entendida ao mesmo tempo como metodoloxía de investigación e como proceso de acción social. Unha vez revisadas as bases filosóficas e éticas deste modelo de investigación, establecendo as súas características definitorias, e despois de explorar as súas variacións exemplificadas en aplicacións específicas, a materia céntrase no deseño e desenvolvemento de proxectos en de IAP definidos polo propio alumnado e acompañados pola docente. Propoñémonos xerar coñecemento colectivo e crítico sobre a nosa realidade, partindo de preocupacións temáticas que nos (re)moven, converténdonos en suxeitos activos e protagonistas dun proxecto de transformación das condicións que afectan á nosa vida cotiá. Neste sentido, trátase dunha materia eminentemente práctica. | | | | |

Competencias do título

| Código | Competencias do título |
|--------|--|
| A1 | CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social. |
| A2 | CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión. |
| A3 | CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social. |
| A7 | CE7 - Identificar e valorar a posibilidade de intervención e prevención en procesos de conflictividade social. |
| A8 | CE8 - Identificar procesos e factores de cohesión social, e deseñar medidas para a súa potenciación. |
| B1 | CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social. |
| B2 | CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional. |
| B6 | CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou a aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B7 | CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B11 | CB11 - Participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas no ámbito da exclusión social, en contextos interdisciplinares e de transferencia de coñecementos. |
| B12 | CB12 - Manter responsabilidade e compromiso co desenvolvemento profesional continuo de forma autónoma. |
| B13 | CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos. |
| B14 | CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa. |
| B15 | CX3 - Diseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social. |
| B16 | CX4 - Dirixir e coordinar equipos de investigación e profesionais de carácter multidisciplinar que traballen nos principais ámbitos da exclusión social. |



| | |
|-----|---|
| B18 | CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais. |
| B19 | CX7 - Dar respostas innovadoras e orixinais ante situacións problemáticas emerxentes relacionadas coa exclusión social. |
| C1 | CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C4 | CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero. |
| C5 | CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | CT6 -Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables. |
| C7 | CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|------------------------|-----------------------------|------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Comprender as características definitorias e variacións da investigación acción participativa (IAP) | AM2 | BM1 BM6 BM14 BM18 | CM4 CM5 |
| Saber deseñar, desenvolver e avaliar un proxecto de IAP | AM1 AM3 AM7 | BM2 BM11 BM13 BM15 | CM1 |
| Coñecer e saber aplicar técnicas participativas de xestión de organizacións sociocomunitarias | AM8 | BM7 BM12 BM16 BM19 | CM6 CM7 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Modelos de investigación comunitaria e participativa | Contextualización epistemolóxica e metodolóxica da IAP: orixes e evolución Principios da IAP Experiencias de IAP en distintos contextos xeográficos e ámbitos de acción |
| Práctica metodolóxica da IAP | Etapas fundamentais no proceso de IAP Técnicas participativas da análise da realidade Deseño dun proxecto de IAP Comunicación e validación dos resultados |
| Dimensións de análise da participación en organizacións comunitarias | Categorías espazo-temporais: hábitat e espazo público Dimensión relacional: convivencia, coexistencia e hostilidade Dimensión dialóxica: a comunicación inter- e intra- institucional |

| Planificación | | | | |
|---|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Discusión dirixida | B1 B6 B12 B14 B18 C4 | 8 | 0 | 8 |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A1 A3 A7 A8 B2 B6 B7 B13 B14 B15 B16 B18 B19 C1 C4 C5 | 8 | 56 | 64 |



| | | | | |
|--|---|----|----|----|
| Aprendizaxe servizo | A1 A3 A8 B1 B2 B7 B11 B12 B13 B14 B16 B18 B19 C4 C6 C7 | 24 | 15 | 39 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A8 B12 B14 C4 | 0 | 4 | 4 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A8 B6 B12 B18 C7 | 0 | 30 | 30 |
| Atención personalizada | | 5 | 0 | 5 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Discusión dirixida | <p>Fundaméntase na concepción da aprendizaxe como un proceso dialóxico, un acto de (re)creación solidarizando a reflexión e a acción.</p> <p>En base á análise previa de fontes documentais e/ou ao desenvolvemento de fases do traballo de investigación, promoverase a posta en común e o debate, contrastando opinións fundamentadas.</p> <p>Con esta metodoloxía preténdese: identificar dificultades na comprensión; provocar o pensamento diverxente; favorecer a conexión con experiencias vitais; tomar conciencia e reconstruír criticamente novas formas de pensar, sentir e actuar.</p> |
| Investigación (Proxecto de investigación) | <p>Traballo de investigación grupal que consiste no deseño e desenvolvemento dun proxecto de investigación-acción participativa (IAP) que parta da identificación dunha necesidade compartida polo grupo, co obxecto de mellorar a comprensión desa problemática e a propia realidade social implicando á comunidade. Desta forma, o estudiantado convértese en suxeitos de investigación e fonte de información. Seguindo a metodoloxía da IAP os grupos realizarán as tres primeiras fases do proceso: deseño da proposta, informe diagnóstico inicial e planificación da devolución creativa e de dinámicas para a elaboración participada do proxecto de acción.</p> <p>No desenvolvemento do traballo haberá que entregar informes de seguimento que poderán ser obxecto de traballo na aula ou en sesións de titorías.</p> |
| Aprendizaxe servizo | <p>Proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto onde o alumnado aprende ao traballar sobre necesidades reais da contorna co fin de melloralas. Ten unha tripla intencionalidade: pedagóxica, solidaria e reflexiva.</p> <p>En colaboración con Arquitectura sen Fronteiras, no curso 23-24, os proxectos de IAP terán como fío condutor a reivindicación dun hábitat digno e coidador. Tomando o barrio de Agra de Orzán como contexto sobre o que investigar, os grupos de estudantes deseñarán os seus proxectos sobre temáticas relacionadas, realizarán un diagnóstico participativo en colaboración coa veciñanza, e idearán propostas transformadoras que faciliten os coidados no espazo urbano.</p> |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | <p>Participación en xornadas organizadas no marco da materia ou por entidades externas que se consideren de interese para o alumnado. O obxectivo é afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia, proporcionando experiencias de boas prácticas actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.</p> |
| Análise de fontes documentais | <p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, páxinas web, artigos científicos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico, como instrumento na discusión dirixida, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas, etc.</p> |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|---|--|
| Investigación (Proxecto de investigación) Aprendizaxe servizo | Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación. Organizaranse titorías grupais de acompañamento e supervisión do desenvolvemento dos proxectos de IAP (presenciais ou vía Teams). |
|---|--|

| Avaliación | | | |
|--|---|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A1 A3 A7 A8 B2 B6 B7 B13 B14 B15 B16 B18 B19 C1 C4 C5 | Valorarase: descrición clara e fundamentada do problema de partida e da proposta de IAP (fases e cronograma), xustificando suficientemente a relevancia desta proposta metodolóxica; grao de detalle e profundidade do diagnóstico (descrición adecuada e suficiente da proposta metodolóxica; categorías coherentes coa información recadada e a temática de estudo; análise en profundidade triangulando técnicas empregadas e voces; caderno de campo descritivo e reflexivo; cartografía social ben representada; entrevistas transcritas); calidade técnica e carácter inclusivo da proposta de devolución e deseño participativo do plan de acción (formulación clara e operativa de obxectivos, detalle na descrición das actividades, temporalización racional, definición axeitada da avaliación, metodoloxía sinérxica e dialóxica); apoio en fontes documentais. | 80 |
| Discusión dirixida | B1 B6 B12 B14 B18 C4 | Valorarase a participación nas sesións presenciais e/ou debates e actividades online habilitadas no Moodle, no que respecta a: o nivel de profundidade na abordaxe da temática que amose a súa comprensión e apoio nas fontes documentais consultadas; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; a creatividade das achegas; a capacidade de argumentación, crítica e valoración; a claridade e corrección lingüística. | 20 |

Observacións avaliación

Na segunda oportunidade avalíanse as mesmas tarefas que na primeira: discusión dirixida e investigación.

A

cualificación da discusión dirixida non é recuperable para a segunda oportunidade de avaliación. Gardarase a nota acadada na primeira oportunidade, derivada da participación no proceso de desenvolvemento da materia.

Fontes de información



Bibliografía básica

Alberich, Tomás (2008). IAP, redes y mapas sociales: desde la investigación a la intervención social. *Portualia*, 8(1), 131-151.

Balcázar, Fabricio (2003). Investigación acción participativa. Aspectos conceptuales y dificultades de implementación. *Fundamentos en Humanidades*, 4(7-8), 59-77.

Barba, María e Morán, Carmen (2016). Construyendo convivencia intercultural. Un programa de animación sociocultural en el centro penitenciario de Monterroso. *Revista de Educación Social*, 22, 243-261.

Barba, María, Morán, M. e Cruz, L. (2017). Animación sociocultural en prisión. Experiencia en el centro penitenciario de Monterroso. Madrid: Popular.

Basagoiti, Manuel e Bru, Paloma (2012). Apuntes para una intervención participativa y comunitaria en contextos de diversidad cultural. *Cuadernos de Trabajo Social*, 25(2), 371-381.

Basagoiti, Manuel; Bru, Paloma e Lorenzana, Concha (2001). IAP de bolsillo. Madrid: ACSUR Las Segovias.

Bru, Paloma e Basagoiti, Manuel (s/d). La investigación-acción participativa como metodología de mediación e integración socio-comunitaria. Colectivo IOE (2003). Investigación acción participativa. Propuesta para un ejercicio activo de la ciudadanía. Comas, Dolors (2023). Ciudades que cuidan. *Crítica Urbana. Revista de Estudios Urbanos y Territoriales*, 28. <https://criticaurbana.com/ciudades-que-cuidan>

De la Riva, Fernando (2014). El reto de la participación. Cómo dinamizar la participación dentro de las ONGD. Coordinadora de ONGD de Extremadura.

De Miguel, Mario (1993). La IAP un paradigma para el cambio social. *Documentación Social*, 92, 79-90.

García Doménech, Sergio (2018). Ciudad, espacio público y hábitat intergeneracional. *Estudios del hábitat*, 16(1).

Giménez Romero, Carlos (2015). Promoviendo la convivencia ciudadana intercultural en barrios de alta densidad. Ideas y experiencias para una praxis comunitaria. *Cuadernos Manuel Giménez Abad*, 4, 48-68.

Greenwood, Davydd (2000). De la observación a la investigación-acción participativa: una visión crítica de las prácticas antropológicas. *Revista de Antropología Social*, 9, 27-49.

López Ceballos, Paloma (1993). La IAP: un enfoque integral. *Documentación Social*, 92, 71-78.

Martí, Joel (s/d). La investigación-acción participativa. Estructura y fases. Accesible en http://www.redcimas.org/wordpress/wp-content/uploads/2012/08/m_JMarti_IAPFASES.pdf



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía complementaria | <p>Alguacil, Julio; Basagoiti, Manuel e Bru, Paloma (2011). Experiencia y metodología para un modelo de desarrollo comunitario. El caso de San Cristóbal de los Ángeles. Madrid: Editorial Popular.</p> <p>Alguacil, Julio; Basagoiti, Manuel e Camacho, Javier (2006). Investigación-acción participativa en el barrio de San Cristóbal de los Ángeles. Cuadernos de Trabajo Social, 19, 331-346.</p> <p>Astudillo, José (Dir.) (2015). Herramientas para la participación social. Revista Acordes. Universidad de Cuenca. Ávila, Aitor (2014). Acompañamiento especializado con jóvenes en exclusión en Debabarrena: una experiencia de investigación-acción. Zerbitzuan, 55, 111-120.</p> <p>Berranquero-Díaz, Luis; Maya-Rodríguez, Francisco; Escalera, Francisco J. (2016). La colaboración como condición: la etnografía participativa como oportunidad para la acción. Revista de Dialectología y Tradiciones Populares, 21(1), 49-57.</p> <p>Carr, Wilfred e Kemmis, Stephen (1988). Teoría crítica de la enseñanza. Investigación-acción en la formación del profesorado. Barcelona: Martínez Roca.</p> <p>Cascante, César (2013). La investigación-acción crítica y nosotros (que te quisimos tanto). Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 77, 45-64.</p> <p>Colectivo IOÉ (1993). Investigación-Acción Participativa. Introducción en España. Documentación Social, 92, 59-70.</p> <p>Corona, Antonia y Gutiérrez, Virginia (2019). Hacia la inclusión social desde la IAP: una experiencia en Andalucía. Empiria. Revista de Metodología en Ciencias Sociales, 44, 79-107.</p> <p>Escalera, Javier e Coca, Agustín (2013). Teoría y práctica de la participación. En, Movimientos sociales, participación y ciudadanía en Andalucía. Sevilla: Aconcagua.</p> <p>Fals Borda, Orlando (1993). La Investigación participativa y la investigación social Documentación Social, 92, 9-21.</p> <p>Fernández, E. (2014). Releyendo la metodología de la Investigación-Acción-Participativa (IAP). Pedagogía de las ausencias, Pedagogía de la traducción y Pedagogía de la articulación. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 17(1), 73-85.</p> <p>Flamtermesky, Helga (2014). Mujer frontera. Experiencia de investigación acción participativa feminista (IAPF) con mujeres víctimas de la trata de personas. Athenea Digital, 14(4), 389-400.</p> <p>Kemmis, Stephen e McTaggart, Robin (1988). Cómo planificar la investigación-acción. Barcelona: Laertes.</p> <p>Laluzza, José L.; Sánchez-Busqués, Sonia; Padrós, Marta e García-Romero, David (2016). Educación, minorías e identidad. Reflexiones a través de un proyecto de investigación-acción. Papeles de Trabajo sobre Cultura, Educación y Desarrollo Humano, 12(3), 20-29.</p> <p>Marzana, Daniela; Marta, Elena e Mercuri, Francesca (2013). De la resiliencia individual a la resiliencia comunitaria. Evaluación de un proyecto de investigación-acción sobre el desamparo social de los menores. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 16(3), 11-32.</p> <p>Massó, Ester (2005). Fundamentos teóricos y derivaciones prácticas de la IAP en España. AIBR. Revista de Antropología Iberoamericana, 43.</p> <p>Nani, David F. (2012). La investigación-acción: cartografía de su epistemología y científicidad cualitativas. Aposta, Revista de Ciencias Sociales, 53.</p> <p>Pareja, José A. e Pedrosa, B. (2012). Mejora de la convivencia a través de la investigación-acción participativa. Profesorado. Revista de currículum y formación del profesorado, 16(3), 467-491.</p> <p>Penalva, José (2006). El conocimiento empírico en la investigación-acción: análisis de los aspectos epistemológicos. Revista Complutense de Educación, 17(2), 105-118.</p> <p>R. Villasante, Tomás (1993). Aportaciones básicas de la IAP a la Epistemología y Metodología. Documentación Social, 92, 23-42.</p> <p>Sales, Auxiliadora (2012). La formación intercultural del profesorado: estrategias para un proceso de investigación-acción. Educatio Siglo XXI, 30(1), 113-132.</p> <p>Scandroglio, Bárbara y López, Jorge (2010). Investigación-acción-participativa con la agrupación latin King en Madrid: potencialidades y límites de una estrategia alternativa al control de los grupos juveniles conflictivos. AIBR. Revista de Antropología Iberoamericana, 5(2), 222-255.</p> <p>Sepúlveda-Ruiz, María del Pilar; Calderón-Almendros, Ignacio e Torres-Moya, Francisco (2010). De lo individual a lo estructural. La investigación-acción participativa como estrategia educativa para la transformación personal y social en un centro con menores infractores. Revista de Educación, 359, 456-480.</p> <p>Ayuntamiento de Sevilla & Instituto Paulo Freire (s.d.). Materiales Didácticos para trabajar la Participación Ciudadana. Bergold, Jarg & Thomas, Stefan (2012). Participatory Research Methods: A Methodological Approach in Motion [110 paragraphs]. Forum Qualitative Sozialforschung / Forum: Qualitative Social Research, 13 (1). Art. 30, http://nbn-resolving.de/urn:nbn:de:0114-fqs1201302.</p> <p>Bru Martín, P., y Basagoiti R. (2003). La Investigación-Acción Participativa como metodología de mediación e integración socio-comunitaria. Comunidad: Publicación periódica del Programa de Actividades Comunitarias en Atención Primaria, nº 6. CIMAS (Observatorio Internacional de Ciudadanía y Medio Ambiente Sostenible) (2009). Manual de Metodologías Participativas, pp. 1-40. Disponible en http://www.presupuestosparticipativos.com/los-presupuestos-participativos-y-las-po/_C3VTDDatmVEmYYYYsYdvRIsil_NgZxyrjOfBaaLp8YrojPPmW_ZltZD3V8TsXgOwComas</p> <p>Arnaú, D. (2010). Los Presupuestos Participativos y las políticas de juventud: Un estudio de caso sobre la cultura de la participación social en España. De Palma, R. (2010). Socially just research for social justice: negotiating consent and safety in a participatory action research project.</p> |
|------------------------------------|---|



International Journal of Research & Method in Education 33(3), pp. 215-227. DePalma, R. (2009). Leaving Alinsu: towards a transformative community of practice. *MindCulture and Activity* 16(4), pp. 353 - 370. DePalma R, Teague L (2008). A democratic community of practice: Unpicking all those words. *Educational Action Research*, 16(4):441-456. De Ugarte, D. (2007) El Poder de las redes: Manual ilustrado para ciberactivistas. Disponible en <https://lasindias.com/el-poder-de-las-redes/> Disalvo, D. (2011). Comunidades virtuales. *Mente y Cerebro* 48, 60-67. El Troudi, H., Harnecker, M., e Bonilla, L. (2005). Herramientas para la participación. Francés García, F. & Carrillo Cano, A. (2010). Guía metodológica de presupuestos participativos. Ganuza, E., Paño, P., Olivari, L., Buitrago, L., & y Lorenzana, C. (2010). La democracia en acción: una visión desde las metodologías participativas. Kemmins S, McTaggart R (1988). Como planificar la investigación-acción. Laertes ediciones, Barcelona. Pérez Crego, M. C., DePalma, R., Serantes Pazos, A., Rodríguez Romero, M., Zapico Barbeito, M. H., Pazos Leis, V., Cotelo Guerra, M. D., Iglesias Salgado, J. L., y Lampón Gude, A. (2016). Investigando colaborativamente en Educación para el desarrollo. Crónica de una experiencia. Presentación en el III Congreso Internacional de Estudios del Desarrollo, Zargaoza. Prego Vázquez, G. and Zas Varela, L. (2015). Identidades en los márgenes de la superdiversidad: prácticas comunicativas y escalas sociolingüísticas en los nuevos espacios educativos multilingües en Galicia. *Discurso and Sociedad*, 9(1, 2), 165-196. Verdía Varela, V. (2017). Participatory citizenship initiatives as a crucial factor for social cohesion. In DePalma, R. & Pérez Caramés, A. (Eds). *Beyond Global Cities: A Case Study of Emerging Super-Diversity*. NY: Springer. Zas Varela, L. & Prego Vázquez, G. (2017) A view of Linguistic Landscapes for an Ethical and Critical Education. In DePalma, R. & Pérez Caramés, A. (Eds). *Beyond Global Cities: A Case Study of Emerging Super-Diversity*. NY: Springer.



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Tanto para o alumnado de modalidade presencial como online, é imprescindible levar a cabo un seguimento continuo da materia. Consistirá en realizar as actividades especificadas na plataforma Moodle (lecturas, tarefas, participación en foros, etc.) antes da data límite indicada. Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respectando todas as opinións en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías